

# CS Próteses dentais

Ciclo formativo de grao superior

Título LOE

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Diseñar, fabricar e reparar próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais segundo prescrición e indicacións facultativas, así como efectuar o reaxuste necesario para o seu acabamento e xestionar un laboratorio de próteses dentais realizando as operacións para a comercialización do produto, e respectando a normativa de seguridade e protección ambiental, así como as especificacións de calidade.

En que ámbitos se traballa? No sector sanitario, en empresas privadas ou en institucións asistenciais, como fabricante de produtos sanitarios dentais á medida en laboratorios de prótese dental, como traballador autónomo ou por conta allea, e en empresas da industria dental, como fábricas provedoras de materiais e maquinaria, ou en depósitos dentais, participando nas actividades de formación específicas da empresa. Tamén pode desenvolver a súa actividade no campo da investigación tecnolóxica dentro de empresas do sector dental e na instrución na industria dental impartindo cursos básicos ou avanzados sobre novos materiais e novas técnicas. A súa actividade está sometida a regulación pola Administración sanitaria estatal.

Que ocupacións se desempeñan? Técnico/a superior en próteses dentais, técnico/a especialista en próteses dentais, responsable técnico/a dun laboratorio de prótese dental, comercial na industria dental ou depósitos dentais, responsable técnico/a en departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental.

Cales son os módulos deste ciclo? Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0856	<b>Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais</b>	266
1º	MP0854	<b>Deseño funcional de próteses</b>	133
1º	MP0862	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0821	<b>Laboratorio de próteses dentais</b>	80
1º	MP0855	<b>Próteses completas</b>	187
1º	MP0857	<b>Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa</b>	187
2º	MP0863	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0864	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0858	<b>Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas</b>	210
2º	MP0860	<b>Próteses sobre implantes</b>	157
2º	MP0861	Proxecto de próteses dentais	26
2º	MP0859	<b>Restauracións e recubrimentos estéticos</b>	210

Nota: os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.

Que título se obtén? Técnico superior en próteses dentais.

Que unidades de competencia se acreditan? A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditan se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados	Unidades de competencia acreditables
MP0821 Laboratorio de próteses dentais.	UC2087_3 Xestionar un centro ou unha instalación do laboratorio de prótese dental e organizar os procesos de deseño, preparación, elaboración, fabricación e reparación de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
MP0854 Deseño funcional de próteses.	UC2088_3 Interpretar as prescricións facultativas, definir o produto, programar, preparar e controlar a fabricación e/ou reparación de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
MP0855 Próteses completas.	UC2089_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses completas removibles de resina.
MP0856 Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.	UC2090_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
MP0857 Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa.	UC2091_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar restauracións e estruturas metálicas para a elaboración de próteses dentais de metal-cerámica e/ou metal-resina fixas.
MP0858 Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.	UC2092_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.
MP0859 Restauracións e recubrimentos estéticos.	UC2093_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar recubrimentos estéticos e restauracións de cerámica ou resina, con ou sen metal.
MP0860 Próteses sobre implantes.	UC2094_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses dentais sobre implantes.

Que módulos profesionais se validan? A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC2087_3 Xestionar un centro ou unha instalación do laboratorio de prótese dental e organizar os procesos de deseño, preparación, elaboración, fabricación e reparación de próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.	MP0821 Laboratorio de próteses dentais.
UC2089_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses completas removibles de resina.	MP0855 Próteses completas.
UC2090_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.	MP0856 Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
UC2091_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar restauracións e estruturas metálicas para a elaboración de próteses dentais de metal-cerámica e/ou metal-resina fixas.	MP0857 Restauracións e estruturas metálicas en prótese fixa.
UC2092_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.	MP0858 Próteses parciais removibles metálicas, de resina e mixtas.
UC2093_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar recubrimentos estéticos e restauracións de cerámica ou resina, con ou sen metal.	MP0859 Restauracións e recubrimentos estéticos.
UC2094_3 Deseñar, preparar, elaborar, fabricar e reparar próteses dentais sobre implantes.	MP0860 Próteses sobre implantes.

**Nota:** O módulo profesional MP0854: deseño funcional de próteses validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia UC2088\_3, UC2089\_3, UC2090\_3, UC2091\_3, UC2092\_3, UC2093\_3 e UC2094\_3.